

# O mosteiro de San Cremenzo de Vilamateo

GRUPO DE ARQUEOLOXÍA DA TERRA DE TRASANCOS\*

## Sumario:

O obxecto do presente traballo é dar a coñece-la localización e o estado no que se atopa na actualidade o mosteiro de San Clemenzo de Vilamateo, priorado que foi de San Salvador de Cis, ata que no século XVI pasou a depender de San Martiño Pinario. Así como un pequeno aporte etnográfico e seguimento dos límites parroquiais de Santiago de Vilamateo e San Cristovo de Goimil (concello de Vilarmaior, A Coruña).

## Abstract

The objective of this essay is to know the place and the present state of San Clemenzo de Vilamateo monastery, whose prior was San Salvador de Cies. In the XVI century his prior was San Martiño Pinario. It also gives a brief ethnographic vision and a study of the parish limits of Santiago de Vilamateo and San Cristovo de Giomil ( Vilarmaior, A Coruña).

**H**ai algún tempo a nosa Asociación realizou uns traballos de investigación na parroquia de San Xurxo de Torres, concello de Vilarmaior, dando como resultado a localización do meirande grupo de gravados rupestres (8 conxuntos) do NL da provincia da Coruña, publicados neste Anuario<sup>1</sup>. Nembargantes, 10 anos antes, algúns dos hoxe asinantes, achegámonos ás terras de Vilamateo co motivo de visita-lo que quedaba, ou puidera quedar, do seu antigo mosteiro. Despois dunha rápida visita á súa igrexa parroquial, marchamos sen albisca-lo máis mínimo vestixio do mosteiro e coa estraña sensación do que deixa algo pendente. No ano 2002, e trala localización de diversos documentos, retomámo-lo traballo.

Despois dunha análise da documentación, atopámonos con varios pergameos do mosteiro de Monfero<sup>2</sup>, datados no século XIII, que nomeaban un *Sancti Clementi* nas proximidades do río *Lamber*. A partir de aquí, e con ese dato, decidimos percorre-los pouco máis de 1'5 km da ribeira do río Lambre ó seu paso pola actual parroquia de Santiago de Vilamateo, partindo da sospeita de que o *Sancti Clementi* da documentación fose o San Clemenzo de Vilamateo, que nós intentáramos visitar anos atrás.

**\* A Asociación Cultural “Grupo de Arqueoloxía da Terra de Trasancos” constituíuse en Ferrol o 28/10/91, tendo por fins a investigación, inventariado, divulgación e preservación do patrimonio histórico-arqueolóxico. Está formada na actualidade por 15 membros.**

1 GRUPO DE ARQUEOLOXÍA DA TERRA DE TRASANCOS, 2000, «Gravados Rupestres en San Xurxo de Torres (Vilarmaior, A Coruña)». *Anuario Brigantino* 1999, 22: 21-34.

2 Para a consulta da documentación relativa a Monfero foinos indispensable o inxente labor realizado por López Sangil nos últimos anos, xunto coa doutros autores que referenciamos:

LOPEZ SANGIL, José Luis, 1997, «Índice de la documentación en pergamino que se conservaba en el archivo del Monasterio de Monfero en el año 1833». *Revista Cátedra* 1997, 4: 127-165.

LOPEZ SANGIL, José Luis, 1999, *Historia del monasterio de Santa María de Monfero*. A Coruña, Deputación de A Coruña.

LOPEZ SANGIL, José Luis, 2002, «Relación documental del Monasterio de Santa María de Monfero». *Estudios Mindonienses*, 2002, 18: 279-740.

REIGOSA LORENZO, Rafael, 1948, *Colección diplomática del Monasterio de Monfero. Edición, prólogo y notas del Cartulario de Santa María de Monfero*. Tese de doutoramento inédita. Universidad Complutense. Madrid.




Fig. 1.- Mapa da situación do mosteiro de San Clemenzo, así como doutros elementos presentes neste traballo: castro de Goimil, Penedo da Garda e Cruz do Abade.

A tarefa non foi doada, ó esgrevio do terreo, con abas de máis de 100 m de desnivel, houbo que engadi-la dificultade de que non quedaba ningún camiño transitábel ata o río. Trala consulta do mapa do IGN 46-I (Paderne), 1:25000, sospeitamos que o emprazamento do mosteiro estaría na marxe dereita; non só polo feito de que esta marxe é a pertencente a Vilamateo, senón porque está orientada ó S-SO, de xeito que aproveita moitas máis horas de sol, algo que non ocorre na marxe esquerda (Santiso de Ambroa-Irixoa). Tan só faltaba atopar un emprazamento ideal para un pequeno mosteiro. Decantámonos por unha pronunciada curva do río no lugar do Pininzal (no mapa), no que os ribanzos amosaban unha pequena chaira. Convencidos disto, baixamos en principio pola beira do rego das Lobeiras cara á gallada co Lambre, pero o fragoso do terreo impediuno-lo avance, polo que decidimos cambiar de acceso. Partimos agora do lugar de Lambre (Santiso de Ambroa), e logo dun percorrido pola canle da central eléctrica de Goimil, baixamos polo monte ata chegar ó río Lambre, e ollamos na marxe dereita un socalco. Un pouco máis adiante chamóuno-la atención un clareiro no monte a carón dun pequeno outeiro. Despois de cruza-lo río, aganchamos polo outeiro e decatámonos de que estabamos nas ruínas da ermida do mosteiro de San Clemenzo de Vilamateo (fig. 1, coordenadas xeográficas 08°07'21"-43°19'29,4" - coordenadas UTM 57115-479735).

#### ÁMBITO XEOGRÁFICO

Santiago de Vilamateo (concello de Vilamaior, A Coruña) é unha parroquia situada nas chamadas Mariñas Orientais, limitada coa aba do Monte Grande polo N, e o río Lambre polo S. Atópase encravada nunha cota que oscila entre os 100 m (a carón do Lambre) e os 264 m (pena Francisca), o que lle proporciona un clima temperado e san, englobado no dominio oceánico-húmido, propio da costa setentrional galega. No aspecto litolóxico aseméllase tamén ó resto da nosa comunidade con rochas de esquistos, granitos gnéisicos e granitos granulados de dúas micas, que abundan en toda a parroquia, sobor de todo, nas proximidades do río Lambre. Limita ó N coa parroquia de San Xurxo de Torres (Vilamaior), ó L con San Fiz de Monfero (Monfero), ó S con Santiso de Ambroa (Irixoa), e

polo O coa de San Cristovo de Goimil (Vilarmaior). Na actualidade Vilamateo, xunto con Goimil, son anexas de San Xurxo de Torres.

Poñemos neste apartado os límites das parroquias de Vilamateo e Goimil recollidos na pregunta 3ª do *Catastro del Marqués de la Ensenada* (1752). No *Catastro* noméase a “San Clemente” como límite parroquial.

Santiago de Vilamateo<sup>3</sup> : 3º Tiene de distancia (diistancia) dicha feligre/ sia de Levante, ã Poniente, unquarto de/ legua, y del Norte, al Sur, la quinta parte/ delegua, y de circunferencia los tres quartos/ de unalegua que para caminarla se ocupará/ una ora; linda principiando en un Marco/ de Piedra alto que le divide desan Phelix/ de Monfero que llaman la cruz do aba/ de, y de allí se vá a otro marco que se denomi/ na do trevello, dividiendose de la frâ de torres/ hasta la Peña marcada con un pico que esta/ Junto al Camino que viene dalaje para el/ Rio da Castiñeira y Puerto del mismo rio/ siguiendo el corriente de este hasta un mar/ co que se halla en el sitio que llaman do Pas/ belo, de sde este dividiendose por la feligresia de/ goimil, hasta el sitio da fonte vella de gul/ fin, y Porto da Panda, yala croa do Castro/ y de allí sigue al sitio do Espigon desan Cle/ mente, y desde este sigue rio arriba, dividiendole/ de la feligresia de Ambroa hasta el si/ tio de loureiros, y desde este ala Peña quella/ man fratª, desde esta ala expresada cruz/ do abade.

San Cristovo de Goimil<sup>4</sup> : 3º Tiene dicha feligresia desde/ L. a P. la octava parte de una legua/ de N al S. unquarto de legua y de/ Circunferencia las do tercias par/ tes de una legua que para Cami/ narla por ser montanosa se ocu/ paran Dos oras.

Linda principiando en el/ campanario viexo desan Clemª/ y desde este sigue ala Coroa de cas/ tro desde esta al Porto de Pedre/ desde aquí ala fuente viexa/ de Golfín desde esta aun Marco/ que se alla en las Brañas de Pas/ belo desde aquí al marco desorri/ bas desde este al Penedo das Lape/ las desde este ala Galla do Pigueiro/ siguiendo al Marco que se alla en el/ rrio do medio siguiendo a orillas del/ Rio desan Clemente desde esta al/ Campanario viexo primer de mar/ cacion.

#### DESCRIPCIÓN ACTUAL

Na actualidade a descripción do mosteiro coincide na meirande parte coa feita polo Padre Yepes hai 400 anos. Trátase dunha ermida de estilo románico, de pequenas dimensións, propia do século XII. Consta dunha nave rectangular e ábsida semicircular orientada ó L (fig. 2). As medidas son 12,60 m de L-O e 6,90 m de N-S, moi similares ás de San Xoán de Caaveiro (13 x 7 m) e Santa Aia da Espenuca (12,70 x 6,80 m). Os muros, de 0'90 m de groso, son de dobre paramento granítico de grao fino, perfectamente tallado en bloques que algunhas veces superan 1 m de longo, e dispostos en fiadas horizontais, sendo o lateral N o mellor conservado, cunha altura que oscila entre os 0,80 e 1,70 m (foto 1). Neste lado consérvase unha entrada lateral, restos de dous contrafortes e dúas marcas de canteiro: ‘+’ e ‘M’ (foto 2). Tamén neste lateral, e no medio da ermida cara ó L, hai una desviación da base con respecto ó muro de 10º (foto 3). Se cadra o máis destacable sexa a ábsida, de menor anchura que a nave; ten unha altura polo N de máis de 2,00 m (foto 4), encontrándose asentada sobre un afloramento granítico duns 7 m de altura sobre o nivel do río. No correspondente ó resto dos paramentos (lateral S e O), atópanse esboreados por toda a zona (sobor de todo polo lateral S, onde podemos olla-las pedras no mesmo leito do río); anque existe a posibilidade de que parte da súa cantería fora reutilizada para

3 ARG, Catastro del Marqués de la Ensenada, libro 161, folios 4314-5.

4 ARG, Catastro del Marqués de la Ensenada, libro 158, folios 1811-2.

outras construcións, a xulgar polas testemuñas (véxase apartado de etnografía).

Na parte O do curuto atopamos, separada a uns 12 m da ermida (nun plano inferior á mesma), unha construción de planta redonda de 4,20 m de diámetro e case 1 m de altura. Separada desta 10 m, sempre cara ó O, vemos unha segunda construción de similares características, que non ten unha planta claramente redonda, por estar adosada a un afloramento granítico. Seguindo cara ó O, despois do reconco do río, e nun plano equivalente ó da ermida, hai un socalco, e máis adiante outras dúas construcións redondas de 3 m de diámetro.

Partindo do pé da ábsida sae, cara ó NL, un socalco de case 30 m de longo, que se torna nun valado e pérdese pola fraga cara ó NO. Este espacio delimitado foi probablemente o adro, ó que dá a porta lateral da ermida.

Fóra do recinto, a 70 m río arriba, localizamos unha fonte (coordenadas xeográficas 08°07'19,6"-43°19'32" – coordenadas UTM 57118-479743) de características similares ás descritas polo Padre Yepes. Nela mana a auga de entre as rochas (seixo e granito, aunque probablemente o espacio foi alterado polo desprendemento de dúas grandes moles graníticas), para escorrer por unha pequena canle labrada na pedra (foto 5). Nembargantes, no espacio do probable adro, existe tamén unha escorregadeira de auga que sae das rochas, e que tamén puidera se-la fonte referida polas crónicas, pero a alteración da zona na que se realizaron extraccións de pedra, a xulgar polas cuñeiras, non nos permite asegurar que se trate realmente dela.

## INTRODUCCIÓN HISTÓRICA

Polo que sabemos ata agora, a xulgar polos distintos traballos publicados ó respectó, o mosteiro de San Salvador de Cis, situado no actual concello de Oza dos Ríos (A Coruña),




Fig. 2.- Planta da ermida de San Clemente.

<sup>5</sup>Entre outros traballos, para poder guiarnos na historia de San Nicolás de Cis e Santa Aia de Espenuca, consultámo-los seguintes:

ARIAS CUENLLAS, Máximo, «Los Monasterios Benedictinos de Galicia». *Studia Monástica* 1966, 8: 35-69.

CARRERAS Y CANDI, Francisco, *Geografía del Reino de Galicia*. Barcelona, 1929, Editorial Albert Martí, Provincia de La Coruña (Tomo II): 895-6.

FREIRE CAMANIEL, José, 1998, *El monacato en la Alta Edad Media*. A Coruña, Instituto Padre Sarmiento de Estudios Galegos, Fundación Barrié de la Maza, (Tomo II): 688-9, 717-8.

LÓPEZ FERREIRO, Antonio, *Historia de la Santa A.M. Iglesia de Santiago de Compostela*. Santiago 1898-1909, (Tomo II): 265-6, (Tomo III): 307, 326-8.

LOPEZ SANGIL, José Luis, 1999, *Historia del monasterio de Santa...* Deputación de A Coruña, 208-10. Transcripción do código 259B do AHN, Capítulo V, folios 5-v 6-r-v.

LÓPEZ SANGIL, José Luis, 2002, «La fundación del monasterio de San Salvador de Cines». *Anuario Brigantino* 2001, 24: 139-156.

fundárono o conde D. Alvito e D<sup>a</sup>. Paterna entre os anos 909-911, sendo estes mesmos os fundadores do mosteiro de Sobrado dos Monxes. San Salvador de Cis inicialmente naceu, ó igual que Sobrado, como mosteiro dúplice (monxes e monxas), quedando como mosteiro de monxes a partir de 1108, ano no que o abade D. Nuno expulsou ás monxas en conformidade co disposto polo Papa Pascual II, provocando que D. Pedro Froilaz (Conde de Traba) respondese destituindo ó abade. Este feito desembocou nun litixio resolto no 1110 coa decisión da continuidade da vida monástica tan só con monxes. Con toda probabilidade é a partir deste momento cando o mosteiro de Cis se acolle á *Regula de San Benito*, e non con anterioridade, como indican os documentos fundacionais que se conservan, xa que a dita *Regula* non permitía os mosteiros dúplices<sup>6</sup>. O mosteiro mantivo a súa independencia ata 1528, data na que a perde ó quedar unido a San Martiño Pinario como un priorado máis.

San Salvador de Cis tivo dous priorados que nós coñecemos, a saber: Santa Aia da Espenuca, situada na actual parroquia de San Xiao de Coirós (Coirós-A Coruña), de fundación moi primitiva a vulgar por unha inscrición hoxe desaparecida, na que se relatava que un presbítero chamado Cendulfo volveura a restaura-la, rematando a obra o 1 de marzo do



Fotos 1, 2 e 3.- De arriba abaixo: vista xeral do muro N, marcas de canteiro e desviación da base con respecto ó muro.

LUCAS ÁLVAREZ, Manuel, 1999, *El archivo del monasterio de San Martiño de Fora o Pinario de Santiago de Compostela*. A Coruña. Dous Tomos.

SA BRAVO, Hipólito, 1972, *El monacato en Galicia*. A Coruña, Librigal (Tomo I): 276-284

YEPES, Fray Antonio de, 1959-60, *Crónica General de la Orden de San Benito*. Madrid: Biblioteca de Autores Españoles, prologada por el P. Justo Pérez de Urbel. (Capítulo CXIV): 228-230.

<sup>6</sup> LÓPEZ SANGIL, José Luis, 2002, «La fundación del monast...». *Anuario Brigantino* 2001, 24: 139-156.





Foto 4.- Ábsida, lado N.

881, e dedicando este santuario a Santa Aia. Mantívose independente ata 1063, ano no que o abade Segaredo incorporou a comunidade, igrexa e bens a San Salvador de Cis, pasando a ser priorado deste ata que no 1528 pasou a ser priorado dependente de San Martiño Pinarío. O segundo dos priorados do mosteiro de Cis é San Clemenzo de Vilamateo, que é o motivo do presente traballo, situado na actual parroquia de Santiago de Vilamateo (Vilarmaior-A Coruña). Nada sabemos sobre a súa fundación, nin cando se incorporou a Cis, aínda que é probable que sexa da mesma época que *Spelunca*.

#### FONTES DOCUMENTAIS

Non fomos quen de localizar ningún documento propio do mosteiro de San Clemenzo de Vilamateo nin de San Salvador de Cis que se refira ó seu priorado, polo que tivemos que conformarnos, como dixemos ó principio, cuns pergameos do século XIII relativos ó mosteiro de Santa María de Monfero, nos que aparecía nomeado un *Sancti Clementi*. Se ben o primeiro documento no que se menciona a *Sancti Clementi* preto do río Lambre data do 7 de abril de 1201, é evidente que a devandita igrexa xa estaba construída con anterioridade a esta data, o que fixaría a construción no século XII, como mínimo.

Nembargantes, Arias Cuenllas<sup>7</sup> no seu traballo sobre o eremitismo en Galicia, baseándose na *Crónica* do Padre Yepes, supón que o mosteiro de San Clemenzo de Vilamateo é de fundación eremítica; algo non descartable na nosa opinión. Se ben non

<sup>7</sup> ARIAS CUENLLAS, Maximino, 1970, «La vida erimítica en Galicia». *España Erimítica: VI semana de estudos*. Pamplona, 1970: 360.

existen fontes documentais que o demostren<sup>8</sup>, pero a súa situación xeográfica fainos pensar nesa posibilidade. Tamén é certo que os beneditinos adoitaban instalarse en emprazamentos onde xa existiran outros cultos anteriores.

Seguindo unha orde cronolóxica, atopamos unha primeira *regesta* documental, que nos fai pensar que a datación do mosteiro pode ser anterior ó ano 983<sup>9</sup> (Era 1021). Consérvase no Archivo Histórico Diocesano (AHD)<sup>10</sup>, e di: «*ojo Privilegio dela yglesia des<sup>n</sup> Clem<sup>e</sup> q<sup>e</sup> es anejo del monasterio de çinis era de 1021/ Maço 169 fol. vltimo; ay otras muchas donaciones eneste mismo/ Pergamino de hazienda diferente*» (foto 10) Se ben nela non se nomea a qué “San Clemente” se refire, tampouco o fai ningún dos documentos de Monfero do século XIII; nin sabemos da existencia de ningún outro “San Clemente” que teña ou tivera relación co mosteiro de Cis. O resto dos documentos atopados, corresponden a vendas, doazóns ou foros do mosteiro de Monfero que mencionan con seguridade este priorado:



Foto 5.- Canle do manantial tallado artificialmente.

07/IV/1201, pergameo conservado no Archivo Histórico Nacional (AHN), sección Clero, Carpeta 498 nº 3<sup>11</sup>. Resumo<sup>12</sup>: «O presbítero Froila Suariz fai doazón ó mosteiro de Monfero de dúas herdades en Vila Matei, nomeadas Cernada e Outeiro».

8 FREIRE CAMANIEL, José, 1998, *Opus cit.* (Tomo I): 194, «...no pretendemos insinuar falta de rigor en la investigación –es muy otra opinión que nos merece el P. Máximo Arias-, sino poner en relieve que, si acudimos sólo a los documentos, la página del eremitismo galacio está casi en blanco...»

9 LUCAS ÁLVAREZ, Manuel, *Opus cit.* (Tomo II) apartado 10,1 San Nicolás y San Salvador de Cinis. Extractos, Documento nº 2, páx. 1050: *Privilegio de la iglesia de San Clemente, aneja a Cinis.*

10 AHD, fondo de San Martiño Pinario, atado nº 50, folio nº 167-r. Dende aquí a nosa gratitude ó Sr. Director e ó persoal do AHD, pola celeridade con que nos permitiu a consulta deste documento que estaba en restauración no momento de realizar este traballo.

11 REIGOSA LORENZO, Rafael, 1948, *Opus cit.* Transcrito como documento nº 34: 95.

LOPEZ SANGIL, José Luis, 1997, «Índice de la documentación en perg...». *Revista Cátedra* 1997, 4: doc. 20: 143.

LOPEZ SANGIL, José Luis, 1999, *Historia del monasterio de Santa...* Deputación de A Coruña: 185 no índice de 1833 do arquivo do mosteiro de Monfero, co nº 20 do arquivo de Vilamateo, e na páx. 228, nomeado coma resumo dentro do Códice 259B do AHN, folio 18-v.

LOPEZ SANGIL, José Luis, 2002, «Relación documental del Monast...». *Estudios Mindonienses* 2002, 18. Resumo no documento nº 155, páx. 349.

12 Como resumos dos documentos de Monfero, utilizamos os mesmos que SANGIL, «Relación documental del Monast...». *Estudios Mindonienses* 2002, 18.

*...et textum scripture firmitatis in perpetuum valituram de ipsa mea hereditate quam habeo vel habere debeo in loco predicto Villa/Matei, scilicet, Cernada et alia parte Outeiro, subtus monte que vocitant Capra Morta, in ripa fluminis Lambre, concurrente ad ecclesiam Sancti Clementi...*

11/IX/1225, pergameo do Arquivo do Reino de Galicia (ARG). Colección de documentos en pergameo nº 86<sup>13</sup>. Amable transcripción de D. Andrés Pena Graña. Resumo: «Martíño Pérez, chamado Garzón, e súa irmá María Pérez, venden a D. Pedro Calvo, monxe de Monfero, as dúas oitavas partes de Guistrimir, na parroquia de “San Clemente”, as beiras do Lambre, polo prezo de trinta e oito soldos e medio, despois de darlle a súa irmá outra herdade, a cambio da que vende» (No documento non apreciamos-la denominación de parroquia respecto a “San Clemente”).

*... Unde ego martinus Petri que vocitant garzón./vobis donno petro calvo monachus Sancte marie Montis feri. vendo mea hereitate et de germa/na meam maria petri quanta habemus vel habere debemus in guistrimir et est nominata duabus par/tibus de una quarta quantum ibi habemus et dedi alia hereditate germana mea per sua portione/de ista. do ea vobis propretio XXXVII solidos et medio. Sicut placuit nobis et vobis. iacet ista hereditate/sub aula Sancti Clementi. in ripa rivulo labre...*

01/IV/1231, pergameo do AHN, sección Clero, Carpeta 499 nº 11<sup>14</sup>. Resumo: «Dona Elvira Frolaz fai documento de venda ao mosteiro de Monfero das súas arras e herdades»

*... Et est ipsa hereditate nominata in Vila Matei/in Agras, octava de uno agro et alia leira de Covelo, inde d'a quinta ad media, et iacet in terra de Prucius, concurrente/ad ecclesia Sancti Clementi, inter duos flumes Lamber et Dornia...*

11/II/1238, Arquivo de 1833 do mosteiro de Monfero co nº 89 do arquivo de Calobre<sup>15</sup>, hai un resumo no que di: «Pedro Pérez e María Pérez, a súa irmá, venderon a Monfero unha herdade en Goimil, *xunto a San Clemencio, preto do río Lambre*»

A partir deste momento, encontramos un baleiro documental, que nos leva ata as crónicas publicadas por Antonio de Yepes e Jerónimo del Hoyo a principios do século XVII. Crónicas que constitúen as únicas descrições do lamentable estado no que se atopaba por aquelas datas o devandito mosteiro, e que constitúen unha proba de que as ruínas localizadas pertencen a San Clemenzo de Vilamateo.

Comezaremos polo Padre Antonio de Yepes que na *Crónica General de la Orden de San Benito*, no apartado referente ós priorados e abadías anexos a San Martiño Pinario<sup>16</sup>, dínos:

*27. San Clemente, de Villa Mateo, que en gallego llaman San Cremenzo, tiene el asiento diferente que el de Santa Aya (enreferenciaá Espenuca), porque éste está en una profundidad extraña, dos leguas de Betanzos; la iglesia más parece ermita que templo; está la casa pegada a ella, las paredes en pie, pero todas desencuadradas y desencajadas, porque los robles, tan gruesos*

13 LOPEZ SANGIL, José Luis, 2002, «Relación documental del Monast...». *Estudios Mindonienses 2002*, 18. Resumo no documento nº 218, páx. 373.

14 REIGOSA LORENZO, Rafael, 1948, *Opus cit.* Transcrito como documento nº 59: 119.

LOPEZ SANGIL, José Luis, 2002, «Relación documental del Monast...». *Estudios Mindonienses 2002*, 18. Resumo no documento nº 241, páx. 388.

15 LOPEZ SANGIL, José Luis, 2002, «Relación documental del Monast...». *Estudios Mindonienses 2002*, 18. Resumo no documento nº 252, páx. 385.

16 YEPES, Fray Antonio de, 1959-60. *Opus cit.* (Tomo II): capítulo LXXXV: 69.



*como el cuerpo de un hombre, asidos en las paredes, tienen ya las piedras descompuestas y desconcertadas. Junto a la casa está una fuente purísima que nace de la abertura de un peñasco y cae en una balsa o pila que hizo la naturaleza; porque es una concavidad que no sé cómo llame a su figura, pues ni bien es cuadrada ni bien redonda, y en la apacibilidad que tiene vence a todo el artificio; mueve grandemente el lugar a devoción, viendo, de una y otra parte, peñascos y sierras que del todo cierran la vista para todas partes y sólo dejan descubierto el cielo; que esto, sin duda, movió a aquellos santos que escogieron aquel lugar, porque como estaban desnudos de las cosas de la tierra, hacían su manida y moraban con el espíritu en la gloria.*

Máis adiante o mesmo autor, dinos no apartado no que se refire ó mosteiro de San Salvador de Cis<sup>17</sup> :

*Tuvo también (como tienen hoy también los monasterios principales) algunos prioratos; de dos de ellos haremos conmemoración. El uno se llama villa Mateo y el otro de Santa Aya de Espelunca. Este último está media legua de Betanzos, hacia Lugo, en un risco altísimo que se ve de todas la mariñas. En los tiempos presentes sólo ha quedado la iglesia dedicada a Santa Aya (que así pronuncian los gallegos a Santa Eulalia) y unos vestigios del antiguo monasterio. El otro priorato de villa Mateo fué dedicado a San Clemente (que en gallego llaman San Cremenzo); está al revés de lo que dijimos de Santa Aya, porque aquél estaba en alto y éste se ve en una profundidad extraña, riberas de un riachuelo, dos leguas de Betanzos; bájase allí con mucha dificultad y es menester irse cogiendo de las ramas para no caer en el camino. Llegado allá abajo se ve una ermita y una casa pegada a ella, que si bien las paredes están en pie y el ventanaje, pero las piedras están ya desencajadas, y los mismos robles gruesos, metidos en las paredes, las tienen descompuestas.*

Contemporáneo do anterior, temos en 1607 a Jerónimo del Hoyo, que en *Memorias del Arzobispado de Santiago*<sup>18</sup>, en referencia ós priorados anexos a San Martiño Pinarío dinos:

*29.- El vigésimo nono es San Clemente de Villa Matheo que los naturales llaman San Clemente..., riberas del río de la Puente del Puerco dos leguas de Betanzos, como se va hacia el monasterio de Santa María de Monfero, en una profundidad extraña que mueve a mucha devoción, porque está todo rodeado de peñascos y montes por todo... descubierto el cielo y la corriente del río... hermita muerta con quien toda la tierra tiene mucha devoción, y junto a ella nasce una famosa fuente de la abertura de un peñasco.*

É claro que á vista destas crónicas é fácil relacionar pola súa similitude ó *Sancti Clementi* dos pergameos do século XIII co San Cremenzo do século XVII, xa que ámbolos dous, encóntranse na zona de Vilamateo e ás marxes do río Lambre, non cabe pois moita dúbida. Estas crónicas do XVII son a base da que partirán tódolos autores modernos consultados, que en menor ou maior medida, reproducirán total ou parcialmente estes textos, sacando as súas conclusións, pero sen facer mención, ningún deles, o feito de ter localizado o devandito mosteiro.

Pero se difícil resulta sabe-la data da súa fundación, non menos complicado resulta saber, cando abandonou a vida monástica. Por un banda atopámonos con que as crónicas de Yepes e del Hoyo, de principios do XVII (1607), fálannos xa do seu estado ruinoso, aunque se analizámo-la descrición do Padre Yepes, esta parece indicar que este abandono

17 YEPES, Fray Antonio de, 1959-60. *Opus cit.* (Tomo II), capítulo CXIV: 229.

18 HOYO, Jerónimo del, 1950, *Memorias del Arzobispado de Santiago*. Santiago de Compostela, edición preparada por Angel Rodríguez González y Benito Varela Jácome: 67. É unha transcripción do manuscrito orixinal do ano 1607 conservado no arquivo da Mitra Compostelá.

debeuse producir con anterioridade. Recordemos que Yepes escribe: «...*las paredes en pie, pero todas desencuadradas y desencajadas, porque los robles, tan gruesos como el cuerpo de un hombre, asidos en las paredes, tienen ya las piedras descompuestas y desconcertadas...*». Está claro que os 'robles' non medran en 10 anos ata alcanza-lo grosor do corpo dun home.

Por outra banda encontrámonos con que Sa Bravo<sup>19</sup> e Freire Camanie<sup>20</sup> afirman que San Clemenzo se independizou de San Salvador de Cis para unirse a San Martiño Pinario, sen apuntar data ningunha. Arias Cuenllas<sup>21</sup> dinos, «*Fue priorato de Cinis y con éste, desde 1528, de San Martín Pinario*», o que parece máis lóxico, sendo posible que xa por esa data non estivese habitado. A ter en conta tamén está o dato que recolle Sa Bravo<sup>22</sup> «...*En el siglo XV San Salvador de Cines quedó unido a San Martín. Perdió su categoría de Monasterio independiente para quedar como priorato, donde residían dos o tres monjes...*»; se ben esto ocorría no mosteiro principal, habería que ter en conta as reducidas dimensións do noso priorado e a 'Reforma' imposta a raíz da Congregación de Valladolid en 1564-5, que debeu acabar coa vida monástica de San Clemenzo como mínimo a mediados ou comezos do XVI, non quedando referencias das súas rendas nos libros conservados en San Martiño Pinario de principios do XVII (1613), nin como priorado independente, nin dentro do apartado de San Salvador de Cis.

#### ETNOGRAFÍA

Se é sorprendente que este mosteiro pasase agochado máis de 400 anos, sen que saíse á luz, non menos sorprendente nos parece o arraigado que se atopa na cultura popular da zona, na que non hai nin unha persoa de certa idade, natural das parroquias de Vilamateo ou Goimil, que non oíra falar ou estivese nos restos da ermida de San Clemenzo. É tal a cantidade de testemuños recollidos<sup>23</sup> que fan este apartado moi interesante, obrigándonos a ampliala zona de estudio a outros puntos da parroquia.

En primeiro lugar, tal como dixemos no apartado da descrición actual do mosteiro, a pesar das ruínas conservadas, falta bastante cantería da ermida. O lóxico e normal, como ocorreu en moitos lugares de Galicia, é que fose empregada na construción das vivendas máis próximas; nembargantes, na cultura popular arraigou a seguinte idea: «as pedras de San Clemenzo foron numeradas e leváronse en carros para face-la capela que está na rectoral de Torres». Esta capela, que se conserva na actualidade, está dedicada á Nosa Señora do Perpetuo Socorro (foto 6). Trátase dunha ermida feita con cantería similar á de San Clemenzo e resulta evidente, sobor de todo polo interior (zona da entrada), que as pedras empregadas son reutilizadas. Esta mesma crenza foi confirmada polo párroco, anque nos indicou que tal feito non figuraba na documentación da igrexa.

Se esto fora verdade, a pregunta sería: ¿cando foi desmantelada a ermida? Francisco do Monte, veciño de 85 anos, díxonos «meu avó naceu en 1863, e xa acordaba a San

19 SA BRAVO, Hipólito, 1972, *Opus cit.* (Tomo I): 278.

20 FREIRE CAMANIEL, José. *Opus cit.* (Tomo II): 959.

21 ARIAS CUENLLAS, Máximo, 1966, «Los monasterios...». *Stvdia monástica* 1966, 8: 44.

22 SA BRAVO, Hipólito, 1972, *Opus cit.* (Tomo I): 279.

23 Dende aquí o noso agradecemento as xentes de Vilamateo e Goimil, pola moita información aportada, en especial a Francisco do Monte, Pepe de Morado, Manolo de Oural, Pancho e outros, que nos dedicaron o seu tempo e nos deleitaron cos seus relatos. Tamén o noso agradecemento ó cura párroco D. Avelino, pola súa paciencia e tempo dedicado.

Clemenzo tal e como esta na actualidade». Por outra parte, na ermida do Socorro, hai unha imaxe da Nosa Sra., que ten unha lenda enmarcada que di máis ou menos que foi bendicida polo Bispo en 1853, mentres que no *Catastro del Marqués de la Ensenada* (1752) da parroquia de Goimil, noméase o «...campanario viexo de San Clemente...», o que nos viría a confirma-lo desmantelamento de San Clemenzo, entre os séculos XVII a XIX (1752 – 1853).

Outras persoas dixéronnos que para a actual ermida do Socorro, non só foran trasladadas as pedras, senón tamén a campá de San Clemenzo. A primeira vista, pareceunos que a campá da ermida puidese ser moi antiga, pero logo da lectura de parte da inscrición que conserva (faltan tramos de letras e outras están moi deterioradas), parécenos máis propia do século XIX.

Algo no que tamén coinciden a meirande parte dos veciños é que «O San Clemenzo, foi parar á igrexa de Vilamateo (parroquial)». E se ben nela hai unha imaxe de San Clemenzo, esta é moi nova. Tras varias preguntas, os veciños, dixéronnos que «había outro San Clemenzo, moi pequeno, como unha boneca de grande, que era o que facía chover»; «a xente levábao para a casa e, cando había seca, sacábase fóra e poñíase nunha leira, e ó día seguinte chovía»; outros dixeron «que o santo se poñía onde se quería que chovera, pero o santo non se podía mollar; xa non é a primeira vez que algún se ten que levantar de noite para recollelo, porque empezaba a treboada». O caso é que a xente lémbrense de levar ó santo para a súa casa, algo que veu ocorrendo ata finais do século XX, pero ninguén acorda onde se atopa na actualidade, polo que non podemos constatar se verdadeiramente este santo veu ou non do mosteiro.

Tratándose de «...hermita muerta con quien toda la tierra tiene mucha devoción...», en palabras de Del Hoyo e que «...mueve grandemente el lugar a devoción...» segundo Yepes, non é raro pensar que o mosteiro tería unha romaría, algo que a xente nos confirmou. Aínda que algúns parecían aseverar que os seus pais aínda participaran nela, outros falaban de oídas e dixeron que os seus pais oírano dicir. De calquera xeito as versións recollidas non difiren moito: «meus avós dicían que alí se facía unha romaría e que a xente baixaba cun toldo, pero deixárase de facer, porque houbera mortos, xa que uns gamberros tiraran arrolando unha pedra desde o alto»; outra das versións non é moi distinta, pero apórtanos novos datos: «recordo que o meu avó dicía que se facía unha romaría e que deixou de facerse, porque sempre había rifas, e creo que incluso mortes, entre os xibeiros e os papanduxeiros». Os xibeiros (guerreantes) é o alcume co que se coñece ós veciños da



Foto 6.- Capela de Nosa Señora do Perpetuo Socorro (Torres, Vilarmaior).

parroquia de Santiso de Ambroa (Irixoa) e os papanduxeiros (papanduxas= mazás asadas) que é como se coñece ós veciños de San Cristovo de Goimil<sup>24</sup>.

Nembargantes a lenda que máis nos chamou a atención é a da Cruz do Abade, polas conexións que posteriormente trataremos. Transcribímo-la versión que nos deu Francisco do Monte, que a enlaza co mosteiro de San Clemenzo.

No ano 1497, os monxes de Monfero viñan a recolle-lo leite ó pazo de Calobre, no que vivía un conde. Un día o conde díxolle á criada que cando viñeran buscalo non llelo dera. Ó chega-los monxes a criada negóullelo, tal como lle ordenara o seu amo. Os monxes marcharon enfadados e fóronllo contar ó Abade. Este presentouse na casa do conde e como non estaba, porque fora a unha granxa que tiña máis abaixo, a criada seguindo o mandato de seu amo tampouco llo deu, entón o Abade bateu nela. Cando chegou o conde atopouna tirada no chan chorando, preguntoulle que lle pasaba e ela contoulle o sucedido. O conde subiu ó cabalo e foi polo camiño ata que encontrou ó Abade dándolle morte dun tiro (de seta). Neste sitio chantouse unha cruz, que chaman do Abade.

Francisco cre que esa foi a verdadeira razón da morte do Abade e non como se reflicte na *Historia de Pontedeume*<sup>25</sup>, que el lera anos atrás, na que se di que o Abade viña de Betanzos. Tamén nos relatou:

Ó conde desterrárono para as Penas de San Clemente, pero alí só estaba de día, polas noites ía durmir á casa; ata que un día atopou unha serpe que tiña atemorizada a toda a comarca, e cun tiro de seta atravesouna polo pescozo. Cando deu razón ás autoridades deste feito, perdoáronlle e volveu para o pazo.

A pesar de que o tema da serpe xigante, con ás ou sen elas, é reiterativo nas lendas galegas dende antigüidade, nosoutros analizámo-la primeira parte desta lenda, xa que nos narra uns episodios históricos que traspasan as fronteiras destas parroquias e esténdense con gran arraigo en boa parte da bisbarra eumesa.

A referencia máis antiga que atopamos sobre este feito encóntrase no códice con sinatura 259B conservado no AHN, titulado *Tumbo, donación y fundación de este Imperial Monasterio de Monfero y sus cotos y jurisdicciones con las grandezas de dicho Monasterio*, (capítulo XXXV: folio 31-r), na transcripción feita por Reigosa Lorenzo e López Sangil<sup>26</sup>, dinos en referencia ó abade nº 41:

*...Don Jácome Garcés, electo al preñcipio del ano de mill quatrocientos y noventa y dos. Murió al fin con una saeta que le tiraron, biniendo de Vetanços, en la cruz que oy llaman Do Abbad, más aca del lugar de San Mamed, y el compañero uyó herido de otra y murió luego en cassa el de mil quatrocientos y noventa y siete...*

En principio, deste texto parten tódalas referencias e opinións que se fixeron sobre este feito; nembargantes, Couceiro Freijomil, dános a data correcta, errando por dúas veces co nome do Abade asasinado, xa que na relación de abades do mosteiro o nomea

24 Tamén recollemos outros alcumes parroquiais da zona, así os de Vilarmaior son “descalzos”, os de Torres son “torresmos”, os de Bemantes son “caravillas pa cancelas” ou “cabritos”, e os de Doroña “mazadores”. É unha pena que estes alcumes moi arraigados nalgúns zonas de Galicia, non sexan estudiaos e recollidos, xa que no resto das parroquias do concello de Vilarmaior, como Vilamateo o Grandal, xa non se recordan.

25 COUCEIRO FREIJOMIL, Antonio, 1971, *Historia de Pontedeume y su comarca*. Pontedeume: 96, nota a pé de páxina

26 REIGOSA LORENZO, Rafael, 1948. *Opus cit.* Apéndice II.

LOPEZ SANGIL, José Luis, 1999, *Historia del monasterio de Santa...* A Coruña: 247.

como<sup>27</sup> «...Jácome Carlos...» e na relación dos feitos<sup>28</sup> «...Jácome Calvo, asesinado en 1497 por una saeta que le dispararon viniendo de Betanzos en la cruz que luego se llamó “do Abad”, más abajo del lugar de San Mamed...». Tamén López Sangil<sup>29</sup>, na introducción histórica do mosteiro de Monfero di «...en 1492, atravesaron con una saeta al abad Jácome Calvo, cuando venía de Betanzos...». Nós decantámonos pola versión do códice 259B, na que en 1497 o abade asasinado era *Jácome Garcés*.

Unha vez esclarecido quen era e cando foi asasinado o abade de Monfero, analizámo-los posibles motivos deste crime, barallando varias opcións. Por un lado o memorial do mosteiro de Monfero tan só indica que o abade foi asasinado cando viña de Betanzos, mentres que a versión que nos conta a lenda, é que o mataron por pegarlle á criada do Conde. Unha terceira versión atopámola nunha lenda que recolleemos na parroquia de San Xurxo de Queixeiro (Monfero) hai máis de 20 anos; nela cóntase como os monxes de Monfero prenden á muller dun foreiro que non tiña cartos para paga-las rendas, sendo este home o que matou ó Abade en represalia polo secuestro da súa dona. Calquera destas últimas versións sería válida; nelas, polo menos, a morte dunha figura tan significativa como a dun Abade, tiña que obedecer a algún motivo. Sen ir máis lonxe, Sangil<sup>30</sup> opina que «...Los impuestos a los colonos debieron ser muy gravosos, puesto que éstos, en una ocasión, en 1492, atravesaron con una saeta al abad Jácome Calvo, cuando venía de Betanzos...».

Con toda probabilidade nunca se saberá quen matou ó abade de Monfero, nin cal foi o seu motivo, nembargantes, na nosa opinión, os feitos relatados fannos pensar na posibilidade de que a súa morte se debera a un crime político coidadosamente artellado, xa que o que non nos din as crónicas é que a Cruz do Abade era o límite do Couto Xurisdiccional<sup>31</sup> do mosteiro de Monfero. Tanto se seguimos a versión de que o abade viña de Betanzos como que fora para calquera outro sitio, este foi asasinado na fronteira. Ademais, non esquezámo-lo poder que tiña no século XV o Abade de Monfero, sendo quen de nomear alguacil, merino, xuíz e xustiza, dentro do seu Couto. Tamén hai que ter en conta o feito de que a morte se producira dun tiro de seta; esto fainos pensar que se disparou con bésta, arma pouco habitual para un colono, foreiro ou campesiño. Por

27 COUCEIRO FREIJOMIL, Antonio, 1971, *Opus cit.*: 95. Nota a pé de páxina.

28 COUCEIRO FREIJOMIL, Antonio, 1971, *Opus cit.*: 96. Nota a pé de páxina.

29 LOPEZ SANGIL, José Luis, 2002, «Relación documental del Monast...». *Estudios Mindonienses* 2002, 18: 291-2.

30 LOPEZ SANGIL, José Luis, 2002, «Relación documental del Monast...». *Estudios Mindonienses* 2002, 18: 291-2.

31 ARG, Atado 614-18, titulado “sobre demarcaciones del coto” C 753/8. Con data do 26-XII-1630, encóntranse 6 citacións feitas por Sebastián Martíns de Cisneros, Merino do mosteiro de Monfero ás diversas autoridades que confinan co Coto, citándoos en data, hora e lugar, nos puntos extremos do coto de Monfero. No folio 29-r cítase a Juan de Ponte y Andrade merino e xustiza maior nos cotos e xurisdiccións da terra de Pruços, Villares e Santa Cruz de Parga, para que «...eljuebes Primº que bienedelmes de henº que se contarandosdeldhomes y ano desseiscientos Y treintayuno bengayse alle pressente alas diez delamañana al monteyCamino qesedize ynombra la Cruz delabbad...».

ARG memorial de foros que se atopa no Fondo de privados-eclésiásticos coa sinatura C-460, «...Demarcaciones desta Jurisdicción de monfero sacadas el año de 1668 años para la visita de la Jurisdicción que hacen los merinos...» «...de allí se buelbe por el monte das insuas das lobeiras atestar enel lugar de espeldoña, de allí por unos prados alacruz do abade que esta enelcamino bajo de castañeiro...» e no apeo feito en 1669 da mesma xurisdicción «...alafonte da cal deallí por [la s]eje delprado alacruz do Abbade...».





Fotos 7 e 8. - Á esquerda, castro de Goimil.  
Á dereita, Penedo da Garda.

consequente, a morte ás portas do seu Couto deberíase a intereses, quizais máis políticos que as propias vinganzas de campesiños, que non tiñan sentido fora do territorio. É de destacar que hoxe en día a Cruz do Abade segue sendo o límite actual dos concellos de Monfero e Vilarmaior.

Así mesmo intentámoslle encontrar unha explicación á lenda descrita por Francisco, na que se implica a un conde do pazo de Callobre na morte do Abade de Monfero. Cremos que esta lenda é froito dunha superposición de feitos históricos, que chegaron mesturados ata os nosos tempos, cos da cultura popular. Non de balde atopámonos, 35 anos antes, con outro tráxico suceso que puidera relacionarse con esta lenda; segundo se recolle no códice 259B do AHN<sup>32</sup> (capítulo XXVIII: folio 24-r) *Juan Lope García de Villousaz* pretendeu vender como de seu o beneficio de San Xoán de Callobre (que era xurisdicción de Monfero) a Nuño Freire de Andrade, opoñéndose a iso dous relixiosos do mosteiro, polo que o dito *Juan Lope* matounos a lanzadas. Posteriormente *Lope García* foi perdoado polo mosteiro, segundo se recolle nunha concordia o 19/VIII/1462<sup>33</sup>. Son quizais estas mortes producidas polo señor de Callobre as que se mesturarán coa do abade *Jácome Garcés* no 1497, dando lugar a esta lenda.

Este entroncamento entre a morte do Abade e o posterior desterro a San Clemenzo do autor do crime (segundo a lenda), fixo, como xa dixemos con anterioridade, que o estudio non só se centrara nas beiras do Lambre onda San Clemenzo, senón en percorrer e estudialos límites parroquiais de Vilamateo e Goimil (véxase o apartado *Ámbito Xeográfico*), sendo posible localizar outros elementos de tipo arqueolóxico, como o Castro de Goimil (foto 7, coordenadas xeográficas 08°07'22"-43°19'48,6" - coordenadas UTM 57112-479794),

32 LOPEZ SANGIL, José Luis, 1999, *Historia del monasterio de Santa...* A Coruña: 235.

33 LOPEZ SANGIL, José Luis, 2002, «Relación documental del Monast...». *Estudios Mindonienses* 2002, 18, resumo do documento 910: 626, «*Carta de concordia entre el monasterio de Monfero y Lopo García de Vilousaz, hijo de Juan López de Vilousaz, canónigo de Santiago, y escudero de Fernán Pérez de Andrade, por el cual Lopo García cedía los bienes, que habían sido objeto de litigio. Los monjes perdonaban a Lopo García por los daños y muertes que había causado*».

etnográfico como o Penedo da Garda<sup>34</sup> (foto 8, coor. xeog. 08°07'25,7"-43°19'42" – coor. UTM 57104-479735) e a propia cruz do Abade<sup>35</sup> (coor. xeog. 08°05'10"-43°19'59,2" – coor. UTM 57409-479830), que pasamos a describir. Trátase dunha peza granítica de forma troncocónica, de 48 cm de diámetro, con base sobre fuste incrustado no chan, amosando resalte superior coroado por un burato de 17 cm de diámetro<sup>36</sup>. Así mesmo resaltan catro nervaduras equidistantes de dúas en dúas que se prolongan máis aló da base. A súa parte frontal (a máis espaciada entre os nervios), amosa unha



Foto 9.- Cruz do Abade, estado actual.

inscrición “M . I . h[?]” enfocada cara ó O (foto 9). Na actualidade encontrase semisoterrada nun campeiro, próximo ó antigo camiño de Betanzos cara ó mosteiro de Monfero, do que sobresaen uns 30 cm (segundo algunhas testemuñas, tiña entre 50 e 60 cm de alto).

## CONCLUSIÓN

A localización deste mosteiro abre novas vías de investigación sobor dos priorados do mosteiro de Cis, anque condicionado dalgún xeito pola falta de documentación, e ven completar, xunto co de Santa María de Monfero e o de San Isidro de Calobre (que durou poucos anos), a profunda bieitización da terra de Pruzos entre os séculos X-XII, sobor de todo a carón do río Lambre.

34 É un dos marcos de límite da parroquia de Goimil e Vilamateo, anque non está nomeado no *Catastro del Marqués de la Ensenada*, conserva unha cruz gravada, cara ó poñente; del dixéronnos «no Penedo da Garda, hai uns furados onde os celtas sacrificaban os carneiros, e polas canaletas da pedra corría a graxa», na actualidade falta un 70% de pedra.

35 Situada na marxe esquerda do antigo camiño que dende Betanzos ía cara ó mosteiro de Monfero (hoxe en día unha estrada), posiblemente non se atope no lugar orixinal a xulgar polo reflectido nun apeo do mosteiro de Santa María de Monfero, que se atopa no ARG, fondo, privados-eclesiásticos, libro con sinatura C-460, que entre os folios 9-v-10-r transcribe os apeos de 1668-1669, dinos: «...deallí atesta[r] al lugar de [es]p[e]lloña y alafonte da cal deallí por [la s]ebe delprado alacruz do Abbade de allí atrabiesa el cami[n]o i sube arriva al monte (10-r) al marco de el lonbo dapereira...». Polo que é posible que orixinalmente a dita cruz, se atopase na dereita do camiño e non na esquerda.

36 Neste burato é onde os veciños, din que a xente deixaba patacóns, para as ánimas, e mesmo prendas íntimas. Esta práctica, moi habitual en Galicia, ten bastantes paralelos espallados por todo o concello de Vilarmaior, se ben polas testemuñas ata o de agora recollidas, sempre se dan en marcos de límites entre concellos. A Cruz do Abade (linde entre Vilarmaior e Monfero), Marco do Porto do Río (Vilarmaior e Irixoa), Marco do Seixo ou das Lobeiras (Vilarmaior e Monfero) e a Pena das Meigas (Vilarmaior e Miño), encontrándose estes dous últimos marcos separados 50-100 m do linde actual.

Se ben descoñecemos-la orixe verdadeira do mosteiro de San Clemenzo, facendo un xogo de recreación imaxinaria no tempo poderíamos atoparnos cun arcaico lugar de culto, reocupado ou reconducido por algún eremita (tan abondosos naquel tempo), que fixo de ponte de transición do mundo antigo cara á nova vaga relixiosa que significou o bietismo. Da advocación podemos sacar tamén algunha pista; do pouco que sabemos de S. Clemenzo<sup>37</sup>: foi discípulo de S. Pedro e chegou a Papa no século I; foi condenado ás minas de Crimea e afogado no mar Negro polos seus verdugos; del quedanos a lenda de abrir unha fonte na rocha para aliviar ós seus compañeiros de martirio, o que nos presenta un paralelismo coa fonte de auga purísima que sae das rochas a carón do mosteiro. Outra característica coa que se representa este Papa é a da capela rodeada de auga que tamén toma reflecto neste lugar. Como primeiro elemento de identificación o seu principal atributo é a áncora coa que se supón que o afundiron, nembargantes este símbolo representaba nos primeiros tempos do cristianismo a salvación e a esperanza; lamentablemente non puidemos atopar ningunha representación da áncora nos restos que quedan en superficie.

Se os antigos cultos se van reconducindo ata o cristianismo, e deste ata os nosos días, tamén vimos como as lendas ó longo do medievo ían mesturando feitos (suponse que históricos) con lendas anteriores e mesmo as máis modernas relatadas por xente que cáseque viviu os feitos veñen adubidos por elementos arcaicos. Por último, destaca-lo feito de utiliza-lo santo para facer chover, non só na parroquia, senón onde pidan os veciños. Este punto presenta unha especie de contradicción co mundo cristián, onde fronte ó santo ó que se lle vai render culto con total servidume para que premie co seu favor pola devoción amosada, contrasta, non co feito de carretalo de casa en casa (algo moi común na Galicia actual), senón no feito de levalo a onde interesa que chova, nunha simbiose paritaria entre o pobo e o seu protector; ¿reminiscencias doutros tempos?

Se ben a falta de documentación propia deste priorado nos condicionou o seu estudio histórico, dende aquí confiamos que a localización de novos documentos e futuras actuacións no terreo, nos saquen de moitas das dúbidas expostas. Sírvanos este mosteiro de paradigma dos moitos que aínda quedan agochados e que non debemos perder.




Foto 10.- AHD, Fondo de San Martiño Pinario, atado n° 50, f° 167r.

37 BAYLEY, Harold, 1952, *The lost language of symbolism*. Londres.

CROISSET, J., 1853, *Año Cristiano*. Madrid, Biblioteca Ilustrada de Gaspar y Roig, Tomo IV: 355-6

FERRANDO ROIG, Juan, 1950, *Iconografía de los Santos*. Barcelona: 77.